

## Chega o “Mondial des Vins Extremes” e a D.O. Ribeira Sacra acode con 64 mostras

O “Mondial des Vins Extremes”, o certame internacional máis importante no ámbito da viticultura de montaña ou viticultura heroica, que organiza o **CERVIM no Val italiano de Aosta** chega á súa cita anual. Tradicionalmente este certame desenvolvíase no mes de xullo, nesta ocasión a pandemia do coronavirus fixo que o Mondial des Vins Extremes pospoña a súa celebración unhas semanas e terá lugar entre o **27 e o 29 de agosto**.

Os criterios que deben de cumprir as Denominacións para que os seus viños participen no certame deben de ser algúns dos seguintes: altitude superior a 500 metros, pendente do terreo superior ao 30% (en puntos da D.O. Ribeira Sacra chégase ao 80%) ou sistemas vitícolas de cultivo en socalcos.

A **D.O. Ribeira Sacra** é referente mundial do que se denomina **viticultura heroica**, denominación á que se chega por unhas condicións orográficas que non permiten a mecanización, viñedos de pequeno tamaño habitualmente organizados en socalcos; condicións climáticas adversas ou/e porque o viñado atópase en zonas xeográficas con paisaxes de elevada beleza e cun carácter turístico.

O **CERVIM, promotor da cita**, busca con ela valorizar a produción enolóxica desas terras que se caracterizan polas dificultades estruturais, pero tamén por viños singulares que teñen unha personalidade extraordinaria. O seu obxectivo é salientar as características únicas destes viños e dar a coñecer aos consumidores os aspectos culturais da viticultura de montaña e o valioso traballo que os viticultores fan para a posta en valor do territorio.

A **D.O. Ribeira Sacra presenta este ano, 64 mostras, 53 de tintos e 11 de brancos, pertencentes a 36 adegas**. Os bos resultados que a D.O. Ribeira Sacra obtén sempre en Aosta son un trampolín internacional para os seus viños e convertérona nun dos referentes mundiais máis importantes dentro da viticultura de montaña ou viticultura heroica.